

BANDO

CACHARELAS E SARDIÑADAS DE SAN XOAN 2023

J. Blas García Piñeiro, alcalde do Concello de Ames, na provincia da Coruña, mediante o presente Bando **INFORMA** á veciñanza de Ames as normas que se deberán cumprir para a realización de cacharelas na noite de San Xoán (23 de xuño de 2023).

Estas normas fanse extensivas á celebración de cacharelas/sardiñadas durante o mes de xuño, sexa a noite do día 23 ou calquera outro día posterior deste mes.

NORMAS BÁSICAS

1. Para a celebración das Cacharelas/Sardiñadas as persoas, organizacións e comunidades deberán presentar a solicitude correspondente, segundo modelo publicado na Sede electrónica do Concello de Ames <https://sede.concellodeames.gal/eAdmin/Sede.do> e dispoñible fisicamente nas oficinas xerais do Concello, enchendo tódolos datos que constan en dito modelo de solicitude.

No caso de cacharelas ou sardiñadas solicitadas para espazos públicos deberán achegar á solicitude un mapa do lugar exacto onde celebrarán a fogueira.

Aquelas que sexan solicitadas en espazos públicos deberán ser expresamente autorizadas polo concelleiro de Administración xeral e urbanismo a través dunha resolución que será publicada na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.

No caso das solicitudes de Cacharelas/Sardiñadas para espazos privados, o Concello de Ames enviará unha mensaxe confirmando a recepción da mesma, que será suficiente para levar a cabo o evento.

2. As solicitudes deberán ser presentadas:

No caso de **espazos públicos**: Dende o 5 de xuño de 2023 ata o día 16 de xuño do 2023, ás 14.00 horas.

No caso de **espazos privados**: Dende o 5 de xuño de 2023 ata o día 21 de xuño do 2023, ás 14.00 horas.

Por algunha das seguintes vías:

-PREFERENTEMENTE: Rexistro telemático, a través da sede electrónica do Concello de Ames.

<https://sede.concellodeames.gal/eAdmin/Sede.do>

- Oficina de asistencia en materia de rexistro de Bertamiráns, sen cita previa.

- Oficina de asistencia en materia de rexistro de Milladoiro, sen cita previa.

3. Os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer os seguintes números de teléfono para comunicar incidencias de ser o caso:

POLICÍA LOCAL: 619 767 575

PROTECCIÓN CIVIL DE AMES: 673 178 888

EMERXENCIAS:112

4. **Zona urbana**.- O volume de combustible da cacharela non excederá os 2 metros de diámetro, e 6 metros de perímetro, nin os 2 de altura.

Zona rural.- O volume do combustible da cacharela non excederá os 3 metros de diámetro, ou 9 metros de perímetro, nin os 3 metros de altura.

5. A separación entre as cacharelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano

serán como mínimo de 12 metros, agás no casco urbano. Poñerase especial coidado de non situalas debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables, nin vehículos, nin preto de masas arbóreas ou zonas vexetais susceptibles de ser queimadas.

6. Prohibese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.

7. En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprais), aínda que estean baleiros.

8. No suposto de que a cacharela/sardiñada se faga sobre terreos de uso públicos enlousados, os organizadores encargaranse, pola súa conta, de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm.

9. A fogueira permanecerá vixiada polas persoas responsables ata a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os restos con auga, e asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas. No caso de que se levante o vento, e poida dificultarse a vixilancia e extinción da fogueira, esta deberá suspenderse.

10. Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cacharela e/ou sardiñada.

11. A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f da Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

12. É obrigatorio cumprir o establecido na Lei 11/2010 de 17 de decembro, de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

13. O desenvolvemento de celebración das cacharelas e sardiñadas cumprirá estas normas e as Ordenanzas municipais.

14. Nas cacharelas e sardiñadas que se celebran en espazos públicos, terán prioridade as Asociacións Veciñais e Culturais.

O cumprimento das normas respecto ás cacharelas será comprobado pola Policía Local e /ou corpos e forzas de seguridade.

Esta Alcaldía agradece a colaboración da veciñanza para o bo desenvolvemento da festa de San Xoan.

En Ames, na data que consta na sinatura dixital.

O alcalde en funcións

J.Blas García Piñeiro